

Canonizacións

Xabier Cordal

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORDAL, XABIER (2011 [2004]). “Canonizacións”. *Vieiros*, 8 de xuño: <<http://vello.vieiros.com/opinion/opinion.php?id=36796&Ed=1>>. Reediación en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1231>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORDAL, XABIER (2004). “Canonizacións”. *Vieiros*, 8 de xuño: <<http://vello.vieiros.com/opinion/opinion.php?id=36796&Ed=1>>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 28 de outubro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 26/09/2011.

CANONIZACIÓNS

Xabier Cordal

Arturo Casas, crítico e profesor da USC –e tamén autor de poesía–, asina a última antoloxía do xénero en Editorial Tris Tram. Trátase dunha antoloxía consultada, isto é, o editor dirixiuse a cada un dos autores e das autoras para lles solicitar opinión en forma de lista de obras e de poetas que considerase máis significativos nos derradeiros vinte e cinco anos do século XX.

O traballo será referencia inescusable no futuro, pola coidada planificación e sobre todo pola profundidade, habitual no crítico coruñés, dos textos que xustifican e introducen a escolma. Nela se inclúen, ademais, valiosas achegas autopoéticas e biográficas. Arturo Casas optou con acerto polo modo de consulta para evitar o inevitable nunha antoloxía, as polémicas de grupo, de xeración, de nomes achados de máis ou en falta. Esta vez ninguén reprochará nada ao antólogo.

No entanto, e dado que os responsables últimos dese canon de autores e obras foron ou fomos esa longa lista de persoas ás que se lles supón criterio, e non só complicidade, para sinalar os fitos obxectivos do último cuarto de século, o público vaise estrañar moito con unha ausencia. Outras poden ser igual de pouco afortunadas, pero a de Antón Reixa descualifica a maioría lectora deste país. A mesma que encheu os recitais de Rompente e cantou os versos do autor vigués con música d’*Os Resentidos*. Tamén descualifica certo discurso poético, o cal xa resultaba máis esperable.

O caso é que desde as cantigas de escarnio e maldicir ata as cantigas populares a poesía galega inclinouse historicamente –e coa mesma intensidade que por outros rexistros líricos– pola ironía e a subversión. Que o groso dos autores marxinalice esa tendencia suxire unha reflexión que non vén agora ao caso. Mais para unha lingua enferma coma a nosa, reconstruída, a pesar do simulacro autonómico, contra os acomodados do Poder, prescindir das apostas menos solemnes cheira a rigor mortal.